

### Cores do mundo


Contemplada desde aquela altura, a Terra parecía unha boliña de cristal coma as que o seu amigo Marcos levaba sempre no peto. Pero non, non era exacto... Ningunha boliña de cristal tiña aquelas cores tan vivas nin, menos aínda, os debuxos tan ben definidos que contemplaba agora. Era bonita de verdade!

Sobre o azul radiante dos océanos e o azul un pouco máis pálido dos mares, destacaba poderosamente o branco das terras polares e o debuxo elegante dos continentes. Antón, case sen respirar, seguiu cos ollos as costas sinuosas de Europa, de norte a sur, e continuou despois cara ás inmensas chairas asiáticas. Cruzando o océano, topou co cinto longo e finísimo que separa en dous América e, despois aínda, gozou de todas as cores do continente africano e dos milleiros de fragmentos que forman Oceanía.

Perdido na contemplación, a voz de súa nai estivo a punto de facelo caer da cadeira onde subira para colocar uns libros no estante:

–Bule, Antón!

Antón suspirou. Fixéranlle tantos agasallos de aniversario que o seu cuarto parecía un bazar... Se non buscaba un lugar para cada cousa, acabaría índoselle a cabeza! Para non se volver distraer, colleu a pelota que imitaba a bóla do mundo e deixouna no baúl dos xoguetes. Aínda lle quedaba moito traballo por diante!



#### 1 Arrodea. Que contemplaba Antón?



2 Marca o cuarto que parece un bazar.



3 Completa.

- Antón subira a unha cadeira para colocar uns libros no estante.
- O cuarto de Antón parecía un bazar porque lle fixeran moitos agasallos polo seu aniversario.
- Ao final, Antón colleu a bóla do mundo e deixouna no baúl dos xoguetes para non se volver distraer.

4 Subliña tres expresións que signifiquen o mesmo ca *írselle a cabeza*.

- perder o siso
- volverse tolo
- quedar coa boca aberta
- quedar en branco
- perder o tempo
- perder a chaveta

5 Escribe o nome dos continentes que vía Antón.



Oceanía



Europa



América



África

6 Pensa e responde.

- Que continente non se menciona no texto? Asia
- Coidas que Antón podería velo desde a súa posición? Por que? Si, el di no texto que ve as chairas asiáticas.

# O predicado nominal. O atributo

## LEMBRA

O predicado dunha oración pode ser nominal ou verbal.

O **predicado nominal** expresa qué é ou como está o suxeito. Está formado basicamente por un **verbo copulativo** (*ser, estar, semellar* ou *parecer*) e un **atributo**, que é a palabra ou o grupo de palabras que expresan unha calidade ou un estado do suxeito.

Poden realizar a función de atributo un adxectivo, un substantivo, un grupo nominal ou un pronome.


**1** Explica en que se diferencian o predicado nominal e o predicado verbal.

O predicado nominal está formado basicamente por un verbo copulativo e un atributo, mentres que o verbal constrúese cun verbo predicativo e pode ir acompañado ou non de complementos.

**2** Subliña o predicado de cada oración e di se é nominal ou verbal.

- Os xogadores estaban contentos co resultado obtido. ▶ **nominal** \_\_\_\_\_
- A causa do accidente é aínda un misterio. ▶ **nominal** \_\_\_\_\_
- O avó preparou o cocido para toda a familia. ▶ **verbal** \_\_\_\_\_
- O cadro do comedor da súa casa estaba torto. ▶ **nominal** \_\_\_\_\_
- Aqueles barcos chegaron a porto ao luscofusco. ▶ **verbal** \_\_\_\_\_
- Os exploradores eran demasiado intrépidos. ▶ **nominal** \_\_\_\_\_

**3** Forma oracións de predicado nominal relacionando os elementos de cada columna.



## 4 Localiza o predicado nominal e analízao coma no exemplo.

S
PN  
 ■ Alberte é o médico da aldea. ▶ O atributo é un grupo nominal.  
                   v. cop.                    atributo

S
PN  
 ■ A tía Amelia parece cansa. ▶ O atributo é un adxectivo  
                                   v. cop.    atri.

S
PN  
 ■ Esta rapaza é a irmá de Breixo. ▶ O atributo é un grupo nominal.  
                                   v. cop.                    atri.

S
PN  
 ■ Alba e Roi serán os protagonistas da obra. ▶ O atributo é un grupo nominal.  
                                   v. cop.                    atri.

S
PN  
 ■ O neno moreno parece Samuel. ▶ O atributo é un substantivo.  
                                   v. cop.    atri.

S
PN  
 ■ A miña mellor amiga es ti. ▶ O atributo é un pronome.  
   v. cop.    atri.

S
PN  
 ■ Os pais de Marta son pasteiros. ▶ O atributo é un substantivo.  
                                   v. cop.                    atri.



## 5 Completa cada parella de oracións cun atributo do tipo que se indica. R. M.

Pronome

- Os gañadores do premio foron eles.
- A capitá do equipo era ela.

Substantivo

- Miña tía foi atleta na súa mocidade.
- Xoel é agora adestrador.

Adxectivo

- As paredes do cuarto son bonitas.
- O pantalón novo parecía vello.

Grupo nominal

- Aquel agasallo era un enorme xoguite.
- O curmán de Xavier semella boa persoa.





## LEMBRA

A grafía **x** pode representar dous sons en galego:

- A maioría das veces a grafía **x** pronúnciase coma en *xabón* e *toxo*.
- En moitas palabras cultas, a grafía **x** pronúnciase coma en *exame* e *exterior*.

Ás veces, por influencia do castelán, algúns falantes utilizan **x** en palabras que teñen que levar **ll**, como en *antollo*, non *\*antoxo*; outro erro común pola influencia do castelán dáse en palabras como *escavar*, *estrañar*...

### 1 Escribe os nomes onde corresponda. Que son representa a grafía **x** en cada caso?



Soan coma *xamón*

reloxo, xarope, caixa

Soan coma *exame*

xilófono, extintor, flexo

### 2 Copia as oracións corrixindo as palabras subliñadas pola forma correcta en galego.

- Temos na casa unha parexa de conexos brancos.

Temos na casa unha parella de coellos brancos.

- Mercar ese champú foi un antoxo de Lois.

Mercar ese xampú foi un antollo de Lois.

- Resulta extraño que o avó nunca xogara á baraxa.

Resuta extraño que o avó nunca xogara á baralla.

### 3 Escribe unha palabra da familia de cada unha. Consulta o dicionario, se che cómpre. **R. M.**

consello

aconsellar

atallo

atallar

pelexa

pelexador

escavar

escavadora

1 Escribe C se é correcto ou I se é incorrecto. Como hai que actuar nun transporte público?


- I Empurrar os outros pasaxeiros.
- C Cederlles o asento aos maiores, ás mulleres embarazadas...
- I Deixar as bolsas e as maletas no medio do corredor.
- C Solicitar a parada con tempo suficiente.
- I Poñer os pés nos asentos.
- I Comer e beber no interior do vehículo.




2 Redacta as normas de comportamento do transporte público a partir das accións anteriores e debuxa sinais alusivos. **Respota gráfica (R. G.)**

- Utiliza o imperativo se o comportamento é correcto (*Fai...*) e o subxuntivo se é incorrecto (*Non faga...*).


## NORMAS DE COMPORTAMENTO




Cédelle o asento aos  
maiores, mulleres  
embarzadas...




Solicita a parada con  
tempo suficiente.




Non poñas os pés nos  
asentos.



Non empurres os outros  
pasaxeiros.



Non deixes as bolsas ou  
maletas no medio do  
corredor.



Non comas nin bebas no  
interior do vehículo.

### Un agasallo especial

Helena estaba preocupada pola súa amiga Mariña, que pasaba o verán en Inglaterra e, cada dous por tres, enviáballe unhas mensaxes moi deprimentes.

Mariña achaba en falta todo: a familia e os amigos, as comidas e o bo tempo, as montañas que rodeaban a localidade e o río onde se ían bañar cada día... Mesmo os olores da vila!

Como o aniversario de Mariña era o 2 de agosto, Helena rompeu a cabeza pensando nun agasallo moi especial. Un bo día, colleu unha caixa de zapatos baleira e fixo unha excursión pola aldea e polos arredores. Á tardiña, a caixa estaba chea a rebentar das cousas máis extraordinarias: unha manda de tomiño e outra de romeu, unhas flores de lavanda e un manchea de agullas de piñeiro, unha bóla de resina e uns grans de millo torrado, unhas flores de xasmín e unhas pedriñas do río... Un pouco de todo!

Pechou a caixa e envolveuna en papel branco. Despois, cun rotulador vermello e letras maiúsculas, escribiu claramente:


#### INSTRUCCIÓNS PARA VOLVER POR UN MOMENTO Á ALDEA:

- 1) PECHA OS OLLOS.
- 2) ABRE A CAIXA.
- 3) ULE CON TODAS AS TÚAS FORZAS!

Indo cara á oficina de correos, Helena pensaba en Mariña e non podía deixar de sorrir. Seguro que non esperaba un agasallo coma aquel!



#### 1 Indica que personaxe da lectura está en cada situación.





- Foi a Inglaterra pasar o verán. ► Mariña
- Quedou na aldea e recibe mensaxes da súa amiga. ► Helena

2 Escribe. Que cousas da súa aldea acha en falta Mariña?

A familia e os amigos, a comida, o bo tempo, as montañas que rodeaban a localidade e o río onde se bañaba, os olores...

3 Relaciona. Que son estas cousas que meteu Helena na caixa?

4 Arrodea a caixa que estea chea a reventar.



5 Numera as instrucións para usar correctamente o agasallo.



6 Explica.

- Que ten en común todo o que hai na caixa? Son elementos da natureza.
- Hai algún olor que, a ti, te faga pensar ou lembrar un lugar concreto? R. L.



## LEMBRA

Emprégase a **coma (,)** nos seguintes casos:

- Para separar os elementos dunha enumeración.
- Para facer unha aclaración no medio dunha oración.
- Para separar na oración o nome da persoa á que nos diriximos (vocativo).
- No lugar do verbo que se omite porque se sobreentende.

Empréganse os **dous puntos (:)** nos seguintes casos:

- Despois do saúdo en notas e cartas.
- Para introducir unha enumeración que se anuncia.
- Antes de citar as palabras exactas que dixo alguén.

### 1 Copia as enumeracións cos signos de puntuación que faltan.

- O arco da vella ten sete cores vermello amarelo azul morado laranxa anil e verde.

O arco da vella ten sete cores: vermello, amarelo, azul, morado, laranxa, anil e verde.

- Os veciños de Xoán son catro Ana Brais Martiño e Uxía.

Os veciños de Xoán son catro: Ana, Brais, Martiño e Uxía.

### 2 Introduce os signos de puntuación que faltan.

O pai preguntoulle á filla : «Sabela , sabes cal é o animal que cambia de cor?».

E a filla respondeu alegremente : «Si , o semáforo!».



### 3 Xustifica os casos de uso de dous puntos e de coma no texto anterior.

- Utilizáronse os dous puntos para citar palabras exactas que di alguén.
- Utilizouse a coma primeiro para separar na oración o vocativo e segundo porque se omite un verbo.